



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**ASUNTO:** APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO  
**EXPEDIENTE:** 2020/X999/000005

### CONSULTA PÚBLICA PXOM

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á redacción do seguinte instrumento de plan:

<b>Tipo de instrumento:</b>	<i>Plan Xeral do concello de Abegondo</i>
<b>Ámbito:</b>	<b>Concello de Abegondo</b>
<b>Obxecto:</b>	<i>Plan Xeral do concello de Abegondo</i>

Solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura figura acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na sede municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

<b>Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:</b>	<i>Realización de un novo plan, que teña en conta os cambios producidos dende a aprobación e anulación do plan anterior, os cales modifican as variables básicas que informaron o plan anterior anulado e que precisan dunha actualización que adecúe o marco social, económico e normativo actual.</i>
<b>Necesidade e Oportunidade da súa aprobación:</b>	<i>Na actualidade a figura de planeamento do Concello de Abegondo é o Instrumento de Ordenación Provisional cunha vixencia limitada no tempo, e réxese nos ámbitos non incluídos no IOP, polas correspondentes determinacións da Lei 2/2016, do 10 de febreiro de Solo de Galicia. Confírmase a necesidade da elaboración de un planeamento xeral, que substitúa o IOP en vigor e ordene a totalidade do territorio.</i>
<b>Obxectivos da figura:</b>	<i>O obxectivo fundamental do PXOM será configurar un modelo que favoreza o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio, contribuíndo a elevar a calidade de</i>



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

	<i>vida e a cohesión social da poboación, compatibilizándoo coa protección e potenciación do patrimonio natural e cultural existente.</i>
<b>Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:</b>	<i>A alternativa de non elaboración do plan supón a vixencia do IOP ata o transcurso dos prazos establecidos na Lei 2/2017 de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, tras o cal esgotará a súa vixencia, logo do cal será de aplicación a disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 do solo de Galicia, e o Plan Básico Autonómico.</i>

Abegondo, 13.01.2020

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.